



O ALCALDE DO CARBALLIÑO ROMPE UNILATERALMENTE O ACORDO PARA APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS.-

ALTERNATIVA VECIÑAL DO CARBALLIÑO-EN MAREA, dende o comenzo do actual mandato ofreceu seu apoio ao grupo de goberno presidido por Paco Fumega en base a uns mínimos progresistas de reorganización do concello empezando pola cuestión económica e de personal. Neste senso presentouse no pleno de 29 de Outubro de 2015 unha moción para remunicipalizar os servizos privatizados por anteriores alcaldes e que supuxeron graves perdas para o erario municipal (3 millóns prescribiron según Auditoría efectuada no 2011 e un montante que pode chegar aos 2 millóns de euros según a Auditoría do 2016). Dende ese momento, ALTERNATIVA VECIÑAL, insistiu en que o concello procedese a dotarse do personal necesario para levar a recadación directamente. É necesario un Tesoureiro/a con habilitación nacional, un Recaudador/a e auxiliares administrativos, aparte do material informático e programa para realizar a xestión. Todo perfectamente asumible dende o primeiro ano a conta dos 380.000€ que cobraba a empresa xestora.

A comenzos de 2016 a Concellalía de Economía e Facenda presentoulle a todos os grupos da oposición un calendario en catro fases para a Xestión da Recadación polo Concello. Tres delas a executar no 2017 quedando a xestión do IBI, multas de tráfico e a creación dunha oficina virtual para o 2018.

Este calendario figura como parte do acordo entre o Alcalde e o portavoz de Alternativa Veciñal para favorecer a aprobación inicial dos orzamentos no pleno do 2 de Febreiro do presente ano. O acordo foi asinado polo Alcalde, Paco Fumega o día 1 de Febreiro.

Onte ás 14.00 aproximadamente nos chega a información de que na páxina web do concello está colgado un anuncio de licitación para adxudicar o Servizo de Xestión de Recadación do Concello, según aprobación da Xunta de Goberno Local de 13 de Febreiro e asinado polo Alcalde o 15 deste mesmo mes.

A licitación supónlle ao concello un gasto para os dous primeiros anos de 1.060.000€, e é prorrogable por un máximo de tres anos.



VALORACIÓN DOS FEITOS

- O mínimo que se pode decir é que o Sr. Alcalde do Carballiño, Paco Fumega, non ten palabra, ou sexa que non é de fiar.
- Tivo prazo suficiente para iniciar o proceso de dotación de personal e recursos materiais para xestionar este servizo fundamental para o control da economía municipal e non dilapidar todo o diñeiro que se perdeu polo mal funcionamento.
- A licitación , de levarse a término, é economicamente ruínosa para o concello. Con 1.060.000€ que se orzamentan para os 2 primeiros anos ,son suficientes para contratar moitos postos de calidade e adquirir os medios informáticos para xestión directa permanente.
- Coa xestión directa ,a xente deixaría de facer cola no banco para pagar antes das 10 da mañá.
- Incumple o acordo plenario de 29 de Outubro de 2015 que el mesmo votou favorablemente e o acordado con Alternativa Veciñal-En Marea.
- Mentiu ante o pleno e ante a cidadanía do Carballiño que se informa polos medios de comunicación. Actuou de mala fé. Tiña un plan e asinou e fixonos creer o contrario.

De non retirar inmediatamente a licitación , Alternativa Veciñal –En Marea , fará o seguinte:

Primeiro.- AV-En Marea presentará unha proposta plenaria para reducir á metade o salario do Alcalde, Xefe de Personal e Concellal de Cultura porque considerarmos que se se privatizan servizos teñen menos carga de traballo.

Segundo.- Pedimos a dimisión do alcalde por non merecer representar a este Concello pola súa falta de palabra e feitos.

Alternativa Veciñal do Carballiño-En Marea

O Carballiño a 22 de Febreiro de 2017